

Tamén o Rei visitou a Feira, e a súa chegada anunciouse cun forte son de trompetas. ¡Tururú! ¡Tururú!, o Rei avanzaba pouco a pouco, felicitando aos carpinteiros polo seu traballo, ata que chegou ao lugar no que se encontraba a cadeira de brazos de Casilda.


- ¡Qué maravillosa cadeira de brazos! ¡Qué gran obra! ¿Quen é o artesán que a construíu? Quixera comprarlla e felicitarlle polo seu traballo.
- Maxestade -explicou o pai de Xoana, adiantándose para falar co Rei- o artesán que realizou esta maravilla quixera regalárllela, pero cunha pequena condición.
- ¿Cal é esa condición? -contestou o Rei, cada vez máis encaprichado coa cadeira de brazos.
- Ese artesán unicamente desexa que lle deixedes instalarse aquí, en Rabicún, e que lle deades a vosa palabra de que poderá traballar como carpinteiro.
- ¡Concedido, concedido! -contestou compracido o Rei- Pero quixera coñecerlo. ¿Onde está? ¿Quen é?

Entonces produciuse un gran silencio, mentres todo o mundo esperaba para coñecer ao gran artista. Casilda avanzou timidamente uns pasos, pero o Rei nin se fixou; seguía mirando cara todas partes impacientemente.

- ¿Quen é? ¿Por que non se acerca? Xa dixen publicamente que a súa petición está concedida.
- Papá... murmurou timidamente Casilda.
- ¿Que pasa, Casilda? ¿Que queres? -responden seu pai.
- É que, verás, esa cadeira de brazos, esa cadeira de brazos... -tartamudeaba a nena, moi asustada, imaxinándose o enfado do seu pai- resulta que esa cadeira de brazos fíxena eu.
- ¿Ti? ¿Pero que dis, nena? ¿Como que a fixeches ti? ¿Queres tomarme o pelo? -gritou o Rei, mentres comezaba a poñerse vermello de puro enfadado que estaba.
- Sí, a fixen eu e axudáronme meus amigos. ¿A que é bonita?
- ¡Pero ti tiñas que estar estudiando! Engánasteme, tomáchesme polo pito dun sereno. ¿E as túas clases de idiomas, de labores e de cociña?
- Maxestade -interveu o pai de Xoana- Casilda é unha magnífica carpinteira e o demostrou; vos prometestes en público que podería traballar en Rabicún.
- Sí, si, xa sei que o dixen, xa o sei -rosmou o Rei- e si o prometín, así será.
- ¡Hurra! ¡Bravo! -gritaron todos os nenos.
- ¡Bravo! ¡Moi ben! -aplaudiu a xente.

E así foi cómo o Rei, ao principio de mala gana e logo máis convencido, consentiu que Casilda se pasase o día levando e traendo madeiros, amontoando labras e encolando patas; o certo é que, conforme pasaban os días, o Rei sentíase máis e máis orgulloso da habilidade da súa filla, e de todos os planetas próximos a Rabicún viña xente para admirar os mobles da princesa. E eu que os vin vos aseguro que nunca, nunca contemplei uns armarios, cadeiras e mesas tan belos...

*Os homes son todos iguais ante a Lei, e non poden ser tratados de formas distintas por razón da súa riqueza, raza, **sexo**, relixión ou calquera outra circunstancia persoal.*
(Ver Constitución Española, art. 14)[]



A princesa Casilda

Adaptación da obra de Patricia Barbadillo con ilustracións de Antonio Tello.
Colección EL BARCO DE VAPOR - EDICIÓN SM



8 DE MARZO DE 2008
Día Da Muller Traballadora

BIBLIOTECA
CEIP DE Palmeira



EN RABICÚN, o noso preguizoso planeta, os nenos ían a unha escola onde aprendían, máis ou menos, o mesmo que vos na vosa. A eles lles gustaba moito ir porque os mestres ensinaban moitas cousas entretidas e, sobre todo, porque organizaban xogos e máis xogos no grandísimo xardín da escola.

Pero entre os nenos de Rabicún había unha rapaza que non podía xogar e gozar como os demais. Esa nena era Casilda, a filla do Rei, que estaba obrigada a aprender infinidade de cousas que non lle gustaban en absoluto como, por exemplo, cocíñar, tocar o piano, entender os diferentes idiomas que se falaban nos planetas próximos a Rabicún...

Cando Casilda protestaba, o Rei, seu pai, enfadábase moitísimo e púñase de moi mal humor.

- ¡Casilda! xa te expliquei mil veces que algún día terás que casarte cun príncipe e reinar nalgún planeta. Así que tes que coñecer diferentes idiomas.

- Pero, papá, ¿por qué teño que cocíñar e aprender bos modais?

- ¡Silencio! ¡Non me discutas! Unha princesa debe estar moi ben educada, debe saber tocar o piano e aprender a comportarse como unha Raíña.

¡Pobre Casilda! Non tiña máis remedio que calarse e obedecer, mentres miraba polos balcóns do castelo como todos os demais nenos saltaban e corrían polo xardín da escola, e vía, moi enfadada, como seu irmán Xulián estudiaba matemáticas e aprendía a montar a cabalo ou a navegar polo río.

- ¡Non sei por que teño que estar aburrida e amolada todo o día, encerrada no castelo e sen poder xogar cos meus amigos!

Cando terminaban as clases na escola, Xoana acercábase ao castelo e chamaba a súa amiga para ir xogar xuntas un rato.

- ¡Casilda! ¡Casilda! Baixa correndo, teño moita presa en chegar a casa.

- ¿Qué pasa, Xoana? -contestaba Casilda, baixando de tres en tres as escaleiras do castelo- ¡Vaia barullo estás armando!

- Teño que chegar pronto a casa para axudar aos meus pais a rematar de construír un gran armario que van presentar na próxima feira de mobles.

- ¿Un armario? - preguntou Casilda, mentres as dúas amigas camiñaban xuntas- ¿Ti sabes facer armarios?

- ¡Claro que seil! É moi divertido. O mes que ven hai unha gran Feira e virá moita xente para ver os mobles que aquí facemos. Meus pais son moi bos carpinteiros ¿sabes?, e levarán á Feira un armario que xa está case rematado.

- ¿Podo axudarvos eu? Encantaríame aprender.

- ¡Claro que si! -contestou moi contenta Xoana- ¡Xa verás qué ben o pasamos!

E as dúas amigas botaron a correr, chegando a casa de Xoana nun santiamén.

Casilda moi pronto aprendeu a encolar, a lixar, a cravetear, a decorar e debuxar a madeira. A partir de aquel día todas as tardes acompañaba a Xoana a súa casa despois do colexio.

- Cada día faime máis ilusión construír mobles -lle contaba a súa amiga- Gustaríame poder facer cadeiras, mesas, miles de cousas preciosas; pintaría de moitos cores a madeira para alegrar as casas da xente...

E Casilda quedábase ensimesmada, pensando e pensando...

- ¿E por qué non o fas? -preguntou Xoana.

- ¿Eu? Non sabes o que dis. Meu pai nunca me deixaría; solo quere que aprenda cousas aburridísimas, porque cando sexa maior tereime que casar cun príncipe e serei Raíña -contestou Casilda cunha cara moi triste.

- De todas formas poderías intentalo sen que el se decatase.

- ¿E como? ¿Onde encontraría un sitio para poder traballar?

- Meus pais seguro que te deixarán o seu taller e te darán madeira, martelos e todas as ferramentas que necesites.

- ¿Estás segura? -preguntou Casilda, máis animada.

- ¡Claro! E poderías presentarte á Feira. Teu pai, ao darse conta da ilusión que tes, non tería máis remedio que deixarte construír mobles.

- É moi boa idea, Xoana, pero a Feira é dentro dunha semana e non me dará tempo a ter nada preparado.

- Axudámote todos. Avisarei aos nosos amigos e xa verás cómo haberá tempo suficiente.

Casilda e Xoana, moi nerviosas, avisaron aos demais nenos de Rabicún, e moi pronto se repartiron o traballo; todos estaban desexando que chegara o día da Feira, porque confiaban que a gran cadeira de brazos que Casilda estaba deseñando sería a máis orixinal que ninguén había visto nunca.

A princesa pasaba horas e horas medindo a madeira, debuxando a forma e os adornos que tería a cadeira de brazos, escollendo as pedras que incrustaría nel de entre as máis brillantes que seus amigos lle traían.

Rosa e Tino eran os encargados de ir polas tardes ao río e escoller as pedras máis relucentes que encontrasen na ribeira. Levábanllas a Casilda e ela as clasificaba polo seu color e tamaño, pensando cales irían mellor no respaldo ou nas patas da cadeira de brazos, e cales serían as que adornarían os brazos.

- Mira esta, Casilda! -gritaba Rosa, movendo na man unha gran pedra branca que reflexaba luces de mil cores distintos.

- É preciosa, poreina no centro do respaldo, e cando lle de a luz do sol formará un arco iris.

Xoana seleccionaba as táboas de madeira máis bonitas, e de entre todas elas escollía Casilda as máis fortes e as que tiñan a tonalidade máis cálida.

Seu irmán Xulián dedicouse durante toda a semana a entreter ao Rei, seu pai, para que non sospeitase nada. Levouno a pescar e a dar paseos polo bosque a cabalo, non se afastou nin un momento do seu lado, de forma que o Rei non puido darse conta da ausencia de Casilda todas as tardes.

E finalmente chegou o gran día; a véspera, os pais de Xoana habían levado a cadeira de brazos á Feira; así que, cando se inaugurou, alí estaba reluciente ao sol, con centenaes de pedras incrustadas brillando alegremente, provocando a admiración de todo o que pasaba.

- ¿Quen será o formidable artesán que a construíu? -preguntábanse os visitantes.

- ¡É realmente magnífica!

Casilda e seus amigos escoitaban nerviosísimos e moi orgullosos estes comentarios; os únicos maiores que sabían o seu segredo eran os pais de Xoana, que miraban sorrindo a Casilda e a felicitaban polo éxito que estaba tendo a súa cadeira de brazos.



